

TEATRO PRINCIPAL

FILA PAR

FILA IMPAR

BOCA DE ESCENARIO

175
ANIVERSARIO

O TEATRO PRINCIPAL

Desde a súa inauguración, alá por 1841, o Teatro Principal pasou fundamentalmente por tres etapas:

A primeira é a da sociedade decimonónica que entende o teatro como lugar de encontro e de festa social, o salón da nova burguesía que nacera en Santiago coa industria do coiro e do comercio. É o novo espazo público afastado da igrexa, un novo ambiente para a diversión e o pracer: o teatro e o baile de Entroido, os recitais de poesía e homenaxes a Rosalía de Castro. É o lugar onde a “eminente actriz trágico-dramática” Carolina Civili en 1867 asombra aos fregueses.

“No amplo local, profusamente iluminado, bailouse moito e ben até as tres e media da madrugada, e na velada ostentáronse caprichosos e elegantes disfraces, e déronse bromas moi oportunas e enxeñosas.” dicía o Eco de Santiago o 8 febreiro 1898.


É o Teatro Principal o lugar ao que acode “o notable hipnotizador, calculista e ilusionista Barón de Cardeodopol que dará no teatro unha variadísima función de maxia, resolución instantánea de problemas presentados polos espectadores e magnetismo experimental.” dicía o mesmo boletín poucos meses despois.

Era o Santiago de 25.000 habitantes no que unha sociedade anunciaba no Eco de Santiago en 1903: “a adquisición dunha nova alfombra para o salón que se estreará no devandito baile. O salón do teatro estará engalanado profusamente e iluminarase con tres potentes focos de luz eléctrica. Os bailes prometen, por tanto, resultar brillantísimos.”

A segunda etapa é a de Isaac Fraga, que modernizará o vello edificio ao ter este xa máis de setenta anos e introducir nel unha máquina de cinematógrafo para as primeiras películas de cinema mudo con Ángel Brage como director musical. Esta etapa, tamén de setenta anos, foi a máis convulsa coa chegada do cinema e a calefacción central baixo o escenario. É neste momento cando se fixan as cadeiras á tarima da platea e se vende a lámpada de gas ao cura de Bastavales para dar luz a un templo de San Xulián, alí en Padrón. Un tempo que rememoraba Isaac Díaz Pardo falando do taller do seu pai, na rúa Hortas, no que se facían os carteis anunciadores do Principal.

E chegamos á terceira fase, a actual, a dun edificio modernizado pero que, en esencia, se mantén igual a como era nun principio nos anos corenta do século XIX, cun mecanismo para a ventilación que aproveita o sistema orixinal recollendo o aire polo ollo enmarañado do teito.

Estamos no período de 450 espectadores con ambigü que permite luxos como Cineuropa e festivais de Jazz e que, ao mesmo tempo acolle á Banda Municipal os domingos ás 12. “O Principal constituíu un centro multclasista onde todos os estamentos da vida compostelá se daban cita constante: comerciantes, rentistas, funcionarios e estudantes compartían a súa presenza en toda sorte de espectáculos teatrais, musicais ou cinematográficos..., o Teatro Principal constituíu o centro de resonancias artísticas, sociais e intelectuais de Compostela” que dicía Manuel Remuñán en 1988 cando as últimas renovacións daqueles momentos daban inicio ao que gozamos hoxe.



A HISTORIA

Antes da aparición do teatro as compañías ambulantes buscaban as “casas de comedias”, que a finais do século XVIII eran recintos onde albergar as función teatrais. “Eran estas ‘casas de comedias’ instalacións dentro de edificios preexistentes, normalmente bodegas ou almacéns que podían ofrecer un amplo interior onde construír as estruturas de madeira do escenario e sala coas súas localidades.” (Jesús Ángel Sánchez García)

1802. O Concello merca esta ‘Casa de Comedias’. O seu mal estado ameazaba á casa veciña.

1817. Reedifícase un pequeno ‘teatro á italiana’. Durante máis de vinte anos será o único protagonista da cidade.

1841. Inaugúrase o novo Teatro Principal, que representará para a cidade a definitiva implantación do modelo ‘Teatro Burgués’.

É importante destacar a relación do teatro coa trama urbana. O teatro incluíuse de forma perfecta dentro do carácter de edificios modestos da rúa Nova.

O interior organízase en tres corpos:

- O corpo de fachada coa entrada no soportal e tres portas, foyer e vivenda do conserxe na 2ª planta.
- O corpo central ou principal coas escaleiras do público e os corredores de acceso ós palcos, rodeando a gran sala.
- O corpo traseiro onde se sitúa o escenario co pano coa caseta para os artistas.

Durante máis de medio século mantivo estes espazos sen alteracións considerables.

1915. O empresario Isaac Fraga que se fixo cos dereitos de explotación do Principal, dá inicio ás transformacións máis importantes do edificio para adaptalo ao cine.

O ambigü pasa a ter o uso do rebobinado das películas, almacén de material, aseos, etc...E o alumeadado eléctrico substituíu definitivamente á iluminación de gas, alterando a decoración da fronte dos palcos.

Coa introdución do cine, o Principal volve ser o edificio social da cidade, coas reformas para adaptalo ao público, como a construción da nova escaleira xeral de acceso directo aos niveis superiores, separando ao público en dúas categorías, e os ante-palcos, pequenos gardarroupas privados situados á entrada dalgúns balcóns.

Na segunda planta seguía situándose a vivenda do conserxe, entón o músico Ángel Brage, pai do famoso pianista do mesmo nome que naceu precisamente no teatro.

1953. Importante proxecto de reforma do arquitecto Arturo Fraga Framil.

1982. O Goberno Civil, negociado de Policía e Espectáculos, informa do incumprimento do Regulamento de Policía e Espectáculos e outras normas de seguridade.

1983. A Comisión da Consellería de Cultura, informa de que as reformas deben encamiñarse á recuperación do teatro na súa forma orixinal.

1984. 23 de outubro: o Goberno Civil ordena o cerre do ‘Teatro Principal’.

27 de decembro: O alcalde informa de que o Teatro Principal incumpe varias normas, a de protección antiincendios entre outras.

CERRE PROVISIONAL DO TEATRO PRINCIPAL
BAIXO A XESTIÓN DA EMPRESA FRAGA DE
ESPECTÁCULOS S.A.

1985. A Dirección Xeral de Arquitectura, dentro dun amplo programa de reformas de teatros de España, encarga a Baltar, Bartolomé, Almuíña e Gerardo Salvador Molezún, un proxecto de Reforma e posta ao día do Teatro Principal de Santiago de Compostela, resumida da seguinte maneira: “(...) respecto escrupuloso ao carácter do edificio, conservando a disposición actual da fachada e recinto da platea, aínda que con diminución do aforo actual, modificando os accesos e espazos do público para eliminar actuacións posteriores á súa construción escasamente afortunadas e mellorar ao mesmo tempo as condicións de cumprimento da normativa vixente sobre seguridade e restaurando en xeral todos os elementos construtivos e decorativos deteriorados, utilizando materiais de igual procedencia e calidade dos que substitúan ou reparen”.

1995-2015. O Consorcio de Santiago realiza diversos proxectos de acondicionamento, reparacións e renovación do teatro (...)

TEXTOS DE PABLO TOMÉ FERREIRO
ARQUITECTO DO CONSORCIO DE SANTIAGO

RINCONETE Y CORTADILLO

de Alberto
Conejero

Madrid, teatro | comedia

Teatro Principal

martes
26 de abril
20.30 h

Maiores de 14 anos
Duración 90'
18 euros

FICHA TÉCNICA

Dirección

Salva Bolta

Dramaturxia

Alberto Conejero

Intérpretes

Santiago Molero | Rulo Pardo

Composición musical

Mariano Marín

Vestuario

Tatiana de Sarabia

Diseño espazo escénico

Salva Bolta

Escenografía

Sfumato

Iluminación

Marino Zabaleta

Axudante de dirección e rexeduría

José Carrillo

Compañía

SeXpeare

Producción

Producciones SeXpeare, S.L.

Producción Executiva

Jorge Palomar

Comunicación

María Díaz

Distribución

Amadeo Vañó – Cámara Blanca

SINOP- SE

‘Rinconete y Cortadillo’ é unha comedia sobre a picaresca, os nenos prodixio, a amizade, a loita entre a realidade e a ficción e sobre os parias cos que Cervantes deu paso á modernidade.

“Y les sucedieron cosas que piden más luenga escritura”, escribiu Cervantes nunha das últimas liñas de ‘Rinconete y Cortadillo’...

Este final aberto, misterioso e provocador é o noso punto de partida. Que ocorreu con Rinconete e Cortadillo despois do éxito desta noveliña exemplar? Na nosa obra, os verdadeiros Pedro del Rincón e Diego Cortado queren axustar contas con Cervantes por publicar ás súas costas un episodio fugaz das súas vidas pero que os condenou por sempre a responder á imaxe de pícaros. Un éxito de mocidade do que nunca se puideron recuperar. Como O gordo e o Fraco ou Os Pecos, Rinconete e Cortadillo están condenados a seguir xuntos para sobrevivir. Pero quizá agora chegou a ocasión de limpar o seu nome.

A COM- PAÑÍA

Producciones SeXpeare din deles mesmos: “Sexpeare ou os punkis do humor; así nos cualifican. Facemos caso ás voces que sempre nos animaron a enfrontarnos a un texto clásico. Cando limos a novela de Cervantes descubrimos que hai humor, humor con maiúsculas, humor ácido, grotesco, e con ese aroma excesivo que nos define. O noso humor absurdo e delirante, e o universo enfermizo do director Salva Bolta, farán que ninguén quede indiferente na butaca.”



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE
LAS ARTES ESCÉNICAS DE LA MÚSICA

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS

PLANIFICAR A CAÍDA

en proceso

de trasPediante

Santiago de Compostela, Artes do corpo | Artes vivas
Danza | Mesa de debate | Peza iceberg | Working progress

Teatro Principal

venres
29 de abril
20.30 h

Público adulto

Duración 35'

8 euros (4 euros, cos descontos habituais)

FICHA TÉCNICA

Dramaturga

Ania González

Interpretación

María Roja

Dirección

Begoña Cuquejo

Espazo sonoro

trasPediante

Posterior dirección

Ana Vallés

Creación do material

escénico

Begoña Cuquejo e María

Roja

Música ao vivo

Pablo Seoane

Audiovisuais

Ángel Sousa

Iluminación

Afonso Castro e

Ángel Sousa

Textos técnicos

Irene La Sen

AGRADECIMENTOS

Neky, Cristina Balboa, Estevo Creus, Elena Alonso, Ingrid Wilidi, Irene La Sen, David De Paz, Idoia Zabaleta, David de Paz, María J Cifuentes, Mauricio Torres, Teatro Ensalle, Pedro Fresneda, Espazo Baleiro, Azala, Marta Alonso, Cristina Balboa, Estevo Creus, Asociación Riosarela, Teatro Principal Santiago de Compostela, Afonso Castro, Ángel Sousa, Pablo Seoane, Ana Vallés.

SINOPSE


‘Planificar a caída’ aborda o tema da planificación e os métodos científicos de obxectivización da realidade e o corpo.

Nesta ocasión reflexiónase acerca dos procesos de creación de SOLOS. A través de dous mecanismos, un solo como “peza iceberg” e como mesa de traballo con axentes culturais. Móstrase así un working progress, co proceso anterior aos materiais de creación.

Planificar a caída é ademais unha peza xeolocalizada na cidade de Compostela que poderás ver a través do teu smartphone se descargas HiperGeo.

A serie Planificar a caída aborda os seguintes aspectos:

- O paradoxo. Tomado este como a imposibilidade da planificación de algo que ocorre espontaneamente, como indica o propio nome do proxecto. A imposibilidade do real. Facer unha análise sobre os imaxinarios existentes dos diversos medios de comunicación e proxección considerados como con maior carga de veracidade respecto doutros (linguaxe científica versus metáfora poética, documental versus relato, etc.).
- Toma de conciencia do corpo urbano e da comunicación entre os corpos urbanos. (Por exemplo, os anuncios pegados nas farolas).



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Avenia Galega das
Industrias Culturais

ULISES E A NENA DURMIDA *estrea*

de Ánxela
Blanco

A Coruña, Danza contemporánea

Teatro Principal

sábado
30 de abril
20.30 h

Maiores de 14 anos
Duración 50'
8 euros
(4 euros, cos descontos habituais)

FICHA TÉCNICA

Dirección, interpretación, textos e producción

Ánxela Blanco

Cocreación, asistencia de dirección, e dirección de actriz

Natalie Schaevers

Cocreación e asistencia no movemento

Andrea Quintana

Vestuario

Atelier efímero (Marcia Edleditsch e Lorena Barrán)

Iluminación

Afonso Castro

Música orixinal

Mr. Krah (Iván Rodríguez), Macarena Montesinos, Mónica de Nut e Manuel Fonte (ca colaboración de María Move)

Visuais

Rubén Vilanova

Prensa e asistencia na produción

Manu Lago

Prácticas produción e deseño unidade didáctica

Leticia Rodríguez Pais

Soporte gráfico e coopfunding

Oscar Górriz

Representación

Create SC



SI- NOP- SE

Ulises e a nena durmida é unha sinfonía de corpos, voces e imaxes, inspirada na traxedia grega do heroe Odiseo. Unha deriva do mapa oficial, ao territorio propio.

Sacrifican un año de cornos dourados para a deusa Atenea. A partida de Itaca (mapa oficial). Penélope tece e destécese endurecendo a súa sensibilidade, resistindo, pendurada. Telémaco era dunha materia tan branda que non explotou ao recibir o impacto, S.O.S. Case naufraxio de Ulises (territorio propio). Poderosa Circe. Caída do palacio. Saída da caverna.



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

CONTROL

de Javier
Martín

A Coruña, Artes do movemento

Teatro Principal

**domingo
1 de maio
20.30 h**

Público adulto

Duración: 50'

8 euros

(4 euros, cos descontos
habituais)

SINOP- SE

"Aquele noite, poucos segundos despois de caer durmido, pareceume precipitarme a través de min mesmo nunha caída pouco profunda pero sobrecollidora. Espertei sobresaltado e contemplei a escuridade, advertindo que experimentara un espasmo muscular relativamente común coñecido co nome de contracción mioclónica. É así como ven, de xeito abrupto e perentorio? Non debería ser a morte -pensei- un salto de cisne, grácil, suave e de loada brancura, que non alterara a superficie?" Don DeLillo, ruído de fondo.

'c o n t r o l' atopa as súas fugas no concepto de creador, no concepto de morte e transformación, e no caos sensible e imanente do movemento, de como este encarna realidade, identidades ao seu pesar. Interésame descubrir e ofrecer estratexias de desaparición, de desubxectivación; que encarnen a entrega, templando os paradoxos, e non deixen cargas no entorno. Articúlase como un solo de danza versado nos rigores da improvisación a nivel de movemento, consta de: coreografía, dramaturxia, escenografía e espazo sonoro da miña creación; deseño de iluminación da man de Octavio Más, profesional de recoñecido prestixio; e vestiario do estupendo atelier de Manolo Cremallera.

[Este proceso de investigación e creación trátase dunha coprodución entre a Consultora Artibus e o novo MUN de Pamplona. Presentouse a obra en proceso no festival internacional Madrid en Danza, e estreouse en febreiro no MUN | Museo Universidad de Navarra; contou coa residencia de investigación durante o prazo dun ano no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, lugar no que se articulou un grupo de investigación transversal en artes do movemento que chamou moito a atención noutras xeografías; e coa residencia no Centro de Danza del Canal para continuar a súa creación e desenvolver expansións].

FICHA TÉCNICA

Crea e baila

Javier Martín

Luz

Octavio Más

Vestiario

Manolo Cremallera

Escenografía, textos e son

Javier Martín

Produción

Artibus Madrid e Museo

Universidad de Navarra

Residencia de investigación

Teatro Rosalía de Castro

Residencia de creación

Centro Danza Canal


Presentación

traballo en proceso

#festivalmadridendanza

IGAPA Instituto Galego de


Praxe Actual.



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC





TEATRO PRINCIPAL SANTIAGO



VENDA DE
ENTRADAS

| Teatro Principal 18.00
21.00 h

| De martes
a sábado

| entradas.abanca.com
T. 902434443

Teatro Principal Rúa Nova, 21 · **oficinas** 981 542 347 · **billeteira** 981 542 349
www.compostelacapitalcultural.org · **Facebook** CompostelaCapitalCultural · **Twitter** @CCultura